Os inicios da investigación sobre a variación lingüística no galego*

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña
Grupo ILLA
sanrei@udc.es

1. Introdución

Desde tempos antigos, o fenómeno da variación lingüística, e en particular a xeográfica, foi percibido polo ser humano de diversas formas e, de feito, existen algúns apuntamentos ou comentarios ben anteriores á nosa era. Porén, non será até aos anos finais do século XIX cando, no ambiente xerado arredor do Romantismo, comece a dar os seus primeiros pasos na Europa a reflexión dialectal efectuada cun certo rigor. No tocante á Galiza, os resultados de investigacións lingüísticas levadas a cabo sobre o galego resultan intimamente dependentes do percurso histórico que atravesou o país, tamén no caso do estudo sobre a variación. As primeiras informacións sobre a diversidade lingüística da Galiza remontan aos ilustrados galegos, continúan na segunda metade do século XIX e seguen, ao longo da centuria seguinte, un camiño arrítmico até á súa consolidación definitiva, por volta da década de 70, en que a lingüística galega tamén comeza a contar con relevantes contributos. Comparados, por tanto, co desenvolvemento da dialectoloxía a nivel europeo, os estudos centrados no galego participan dunha demora notoria, cando menos se falarmos de cuestións de método, xa que, como sinala Carballo Calero (1981: 122-123, n. 1), a maioría das propostas de clasificación feitas en finais do século XIX e na primeira metade do XX caracterizouse pola falta de rigor. Neste traballo imos centrarnos nun longo período de tempo que parte do século XVIII e que chega até á Guerra Civil do ano 1936, unha época que, como temos dito noutro lugar (Sánchez Rei 2011: 315), se caracteriza por os seus protagonistas elaboraren comentarios ou aproximacións á realidade dialectal normalmente carentes de fiabilidade.

Durante esa primeira etapa da reflexión dialectolóxica sobre o galego, e con contadas excepcións, á falta de preparación dalgunhas das persoas que principian as pesquisas lingüísticas uníaselle unha escaseza de traballos que, como resulta obvio,

* O presente traballo desenvolveuse no marco do proxecto de investigación FFI2012-32801, subsidiado polo "Ministerio de Ciencia y Tecnología" e o "Ministerio de Economía y Competitividad", a través da "Subdirección General de Proyectos de Investigación"

pouco ou nada coadxuvou a que aqueles fosen garantes dunha mínima veracidade. E esta escasa produción de obras consagradas á análise da lingua galega obriga a termos aquí presentes contributos que non son estritamente de natureza dialectal; así, xunto a informacións dispersas en diversas obras, debemos contar coa irregular información que figura en cancioneiros, gramáticas, obras descritivas, prólogos etc.

2. Os inicios da dialectoloxía galega

Embora se teña constancia dalgúns datos isolados de épocas anteriores[1], o certo é que as variedades dialectais non comezaron a suscitar interese no concerto europeo até aos anos finais do século XVIII, o que debe pórse en relación coa orientación historicista e comparativista dos estudos lingüísticos que posteriormente había dominar as pesquisas científicas neses ámbitos. Xa J. Grimm ou R. K. Rask notaron axiña o valor dos diversos falares rexionais para as súas propias investigacións, mais non deixaron de facer parte dunha minoría, de forma que unha grande cantidade de traballos continuou a ignorar as análises dialectais. Na Galiza, na liña do sinalado máis arriba, é tamén no século XVIII que principian as impresións sobre o fenómeno do variacionismo dialectal, e fano da man de dous ilustrados, como eran o P. Sarmiento e o P. Sobreira: aquel sinalaba que a comprensión entre falantes de Ortegal, Fisterra, A Limia, Ourense etc. non era posíbel, e o padre Sobreira, por súa vez, recoñecendo porén a existencia de unidade idiomática aplicábel a todo o territorio lingüístico galego, participa igualmente da idea dunha división dialectal acusada: "nos diferenciamos de legua a legua, así en el tonillo como en el acento, y en el valor de las letras, y en la propiedad de los vocablos [...]. Realmente, no nos entendemos muchas veces, aunque todos hablemos en buen gallego" (en Pensado 1974: 210).

A partir de afirmacións como as dos dous eruditos da Ilustración, ao longo do século XIX foi cobrando corpo a idea de que a lingua se achaba moito fragmentada do punto de vista dialectal, como se indica en Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 633), mesmo se afirmando que tal diversidade lingüística podía chegar a impedir a intercomunicación entre habitantes das distintas rexións do país. Unha das primeiras manifestacións sobre este sentimento no século XIX localízase na temperá data de 1810 e figura á guisa de "Advertencia" nas *Proezas de Galicia* de Fernández Neyra, xa que, na opinión do autor, a diversidade na pronuncia e na significación de certos termos en cada unha das sete provincias do "Reyno de Galicia, me ha precisado omitir muchos, que ciertamente no se entenderían, y solo

1 Véxase Pop (1950, II: 783) cando sinala que no "début du XVI[e] siècle le mathématicien et hébraïsant allemand Sébastien Munster (né en 1489, mort en 1552) mentionna quelques mots appartenant aux parlers saxons de Transylvaine afin de mettre en lumière la communauté linguistique existant entre ces parlers et les idiomes allemands appartenant au francisque de Moselle".

me valí de aquellos mas claros aunque del país, á fin de que con la mayor facilidad puedan todos comprender su lectura" (Fernández Neyra 1984: 4).

Deixándomos de marxe estas impresións, o certo é que corresponde aos ilustrados dezaoitescos principiaren, embora rudimentariamente, os estudos de lingüística galega, mesmo tamén na análise dialectal. Mariño Paz (1996) encarregouse de estudar a información que proporcionan os traballos de Sarmiento e de Sobreira e, ao paso que salienta certas correspondencias e equivalencias xeográficas que fai este último, tamén pondera como tivo Sobreira o acerto de case sinalar cinco áreas dialectais, cada unha nucleada á volta dunha diocese, cal é o caso de Tui, Santiago de Compostela, Mondoñedo e Ourense e unha outra de transición arredor de Ribadavia (Mariño Paz 1996: 80). A información lingüística que fornece Sobreira xa permite perspectivarmos que, cientes de que as isoglosas son inestábeis e de que están suxeitas a diversas alteracións, algúns dos datos que achega resultan ser, con todas as cautelas precisas, bastante veraces se confrontados coa realidade dialectal de hoxe en día. Os dous clérigos case chegaron a intuír aproximativamente a división dunha Galiza bipartida do punto de vista dialectal, unha faixa occidental e unha outra oriental, o que tamén se pode deducir xa desde o cotexamento de determinados textos baixomedievais; en suma, a tal perspectiva resulta en certa medida harmónica coas análises actuais, pois nelas destácase como a noción de verticalidade domina o tracexado das isoglosas galegas. Recóllense a seguir os datos detectados por Sarmiento ou por Sobreira:

1	Resultados dos grupos latinos -ŌRĪ- e -ŌRĪ- (*vasoura*, *vasoira*, *vasuira*)
2	Alternancia dos ditongos [aw], [ow], [oj] (*outro* / *autro*, *poutega* / *poitega*)
3	Resultados de antigas vogais nasais (*gando* / *gado*)
4	Labialización de /e/ pretónico
5	Epéntese de [o], [w], [j] ou [β] antihiáticos (*a o-auga* / *a u-auga* / *a i-auga* / *a b-auga*)
6	Ausencia / presenza de /θ/ en posición explosiva
7	Resultados das terminacións -ANU, -ANA (*chan* / *chao* / *chau*, *chan* / *cha*)
8	Resultados da terminación -ENES (*bens* / *bes*)
9	Resultados de -ONES (*abellóns* / *abellós* / *abellois*)
10	Resultados de -ONU (*bon* / *bo*)
11	Plurais das palabras acabadas en *-l* (*animás* / *animais* / *animales*)
12	Terminacións *-zo* / *-cio* e *-za* / *-cia* (*andazo* / *andacio*)
13	Terminación *-ade* (*metade* / *metae* / *metai* / *metá*)
14	Rotacismo
15	Apócope de *-e* na terminación en *-ense* (*Ouréns* / *Ourense*)
16	Pronome persoal suxeito masculino de P3 (*el* / *il*)
17	Pronomes demostrativos *este* / *iste*, *ese* / *ise*, *aquel* / *aquil*
18	VR para a P2 do imperativo dos verbos da CII que teñen VR /ɛ/ ou /i/ no presente do indicativo (*el b*['ɛ]*be*, *b*['e]*be ti* / *b*['i]*be ti*)

19	VT para a P3 do pretérito do indicativo da CII e da CIII (*-eu / -iu*)
20	MNP *-n* para a P1 dos pretéritos e dos futuros do indicativo e do presente de *haber* e *saber* (*canté(i)n, cantaré(i)n, he(i)n, se(i)n*)
21	MNP *-o / -u* para P3 do pretérito do indicativo dos verbos da CII e CIII (*colleo / colleu, partío / partiu*)
22	Pretérito do indicativo de *andar* (*andou*)
23	Adverbios de lugar absolutos (*aquive, alive, aiquí, eiquí* etc.)

Figura 1. Fenómenos dialectais rexistrados por Sarmiento ou por Sobreira

Ao longo do século XIX non hai contributos salientábeis en materia dialectolóxica para o galego e, de acordo co exposto en Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 629-635), o máis destacábel é notarmos como, con diferentes vernices, se vai afianzando a idea de que a lingua se achaba notabelmente dialectalizada. Cada un desde un punto de vista singular, Arévalo, Cubí i Soler, Cuveiro Piñol, Lois Vázquez, Martínez Salazar, Pesqueira Crespo, Roque Grilo ou Soto Campos son autores que partillan a idea dunha acusada división lingüística na Galiza[2], a continuaren así a liña iniciada por Sarmiento e por Sobreira.

Noutros países europeos, como sinala Iordan (1982: 65), xa se contaba desde os inicios desa centuria con algúns traballos esporádicos sobre dialectos populares, aínda que se trata, en xeral, de contributos pouco representativos. Habería, pois, que agardar algún tempo a que chegase, en primeiro lugar, a figura de Graziado Isaia Ascoli (1829-1907)[3], que funda en 1873 a revista *Archivio Glottologico Italiano*, publicación destinada, conforme figura no seu primeiro número, a "promuovere l'esplorazione scientifica dei dialetti italiani ancora superstiti". Como produto dos seus traballos, fica a relevancia do rexistro oral como fonte inicial para a observación lingüística, ben como o recorrente e probado feito de que o estudo das falas populares pode render un grande servizo á lingüística xeral; o volume oitavo desa publicación, correspondente aos anos 1882-1885, contén o artigo "L'Italia dialettal", que estabeleceu os principios e os métodos da dialectoloxía italiana que perdurarían durante moito tempo.

En segundo lugar, tamén merece terse en conta o abade Jean Pierre Rousselot (1846-1924), autor do traballo *Les modifications phonétiques du langage étudiées dans le patois d'un famille de Cellefrouin (Charente)*, dada a lume en 1891. Tratouse dunha obra certamente pioneira centrada nun colectivo humano pequeno, un grupo

2 Véxase, a este respecto, Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 629-635), traballo en que se recollen as distintas impresións destes autores sobre a diversidade dialectal do galego na altura.

3 A importancia deste lingüista enténdese ben ás claras con só lermos as palabras de Iordan (1982: 64) cando sinala que só "com Ascoli a dialectologia se torna uma disciplina certamente científica. Numerosos discípulos seus meteram mãos à obra com entusiasmo".

familiar determinado, no cal puido detectar diferenzas de diversa índole (como certas pronuncias da lateral palatal, presentes na xente idosa mais inexistentes nos membros máis novos da familia). Sobre ese contributo escribe Viaplana (2002: 53) as seguintes observacións:

> Es tracta d'una obra excepcional en què s'exhibeixen amb profusió de detalls les diferències que es donen en l'us lingüístic d'una sola familia en un mateix moment, i sobre la base de parámetres diferents: edate, sexe, ocupació, etc. Les conclusions que en resulten són alliçonadores: la parla humana és diversa i ho és, fins i tot, dins la comunitat natural més reduïda de les societats occidentals, que és la familia.

E, en terceiro lugar, un outro autor que se dedicou á análise dialectal e que resulta digno de nota foi o alemán Georg Wenker (1852-1911), que, influído polas ideas da escola neogramática, como Rousselot, decidiu probar a existencia de variedades e de fronteiras dialectais en 1876. Para esta finalidade, partiu nomeadamente dos aspectos fonéticos da lingua e elaborou un inquérito de 40 cláusulas que foi enviado a persoas instruídas de certas comunidades rurais, aínda que entre 1877 e 1878 realizou máis envíos que deron abranxido todo o país. Os individuos que participaban como informantes tiñan de lle enviar o cuestionario debidamente cuberto coas súas correspondentes pronuncias rexionais, as cales serían os datos que el ía manexar. Após as sucesivas recepcións, Wenker comezou a preparar os mapas dialectais, mais "circunstâncias que não importa referir impediram a publicação do projectado atlas" (Iordan 1982: 200), do cal saíu do prelo un único fascículo en 1881: *Sprachatlas von Nord – und Mitteldeutchland, auf Grund von systematichs mit Hülfe der Volksschullehrer gesammelten Material aus circa 30.000 Orten, bearbeitet, entworten und gezeichnet von Dr. G. Wenker*. Porén, os resultados a que chegou non foron os inicialmente esperados, pois puido constatar que non existen as fronteiras dialectais ríxidas, de forma que, sen o saber, se aproximou da noción dos continuos xeolectais.

Para a situación do noso país, non será até á segunda metade do século XIX cando se ache a primeira tentativa de subdividir as falas galegas de acordo cos trazos lingüísticos particulares de cada rexión. Esa proposta débese a Saco Arce (1868: 231-234), autor que, non contándomos co deficitario traballo de Mirás (1864), tamén inicia a tradición gramatical galega coa súa obra. O clérigo de Toén, que outramente se dedicou á recollida de cantares tradicionais e á composición poética en galego e en español, coidaba que a Galiza, como produto de diversas causas[4],

4 Afirmaba o autor que a "configuración del territorio galaico, poco favorable á la recíproca comunicación, la diversidad de climas y de ocupaciones, y el carácter harto individual de sus habitantes, bastante propensos al aislamiento y á las rivalidades, han fomentado hasta lo sumo estas diferencias subdialécticas, que por otra parte son inevitables en todo territorio de una regular extensión, mientras no hay literatura y ciencias que fijen el idioma" (Saco Arce 1868: 231).

podía subdividirse en dúas rexións do punto de vista dialectal, isto é, unha parte setentrional ou norteña e unha outra meridional ou sureña. As dúas variedades non lle resultan doadas de seren delimitadas, aínda que sinala que a primeira é falada nunha extensión territorial maior do que a segunda; isto último é o que leva Santamarina (1982: 159) a considerar que os limites entre ambas as variedades debían correr paralelos ás fronteiras cara ao sur das provincias da Coruña e Lugo. Obsérvese, porén, que o propio relixioso é sabedor de que o idioma é "uno é idéntico en lo esencial", a pesar de ofrecer esas "diferencias locales de no mucha importancia que dan orígen á otros tantos subdialectos".

Para levar a cabo esa subdivisión, o presbítero ourensán declara que as fontes en que se baseou son as escritas, atendendo "al lugar de nacimiento ó residencia de sus autores" (Saco Arce 1868: 233, n. *a*). E, nesa declaración da singular metodoloxía, o autor non dubida en afirmar que se outras persoas tivesen a ben comunicaren as particularidades máis importantes do galego sobre as súas variedades sería, como vira lóxico, máis fiábel. Dedúcese de aquí, por tanto, que Saco Arce asume que a súa proposta de clasificación é imprecisa e que, xustamente por este motivo, ficará suxeita a futuras revisións e matizacións, aínda que non por iso deixa de ter en conta certos fenómenos lingüísticos rexionais[5], tal como se ve a seguir:

	galego setentrional	galego meridional
1	*aquí, aí, alí, así*	*eiquí, eí, elí, esí*
2	*perdeches*	*pirdiches*
3	*recebeu*	*recibiu*
4	*el, eles*	*il, iles*
5	*este, ese, aquel*	*iste, ise, aquil*
6	*froito, loito*	*fruto, luto*
7	*acó, aló*	*alá, acá*
8	*bon, mañán*	*bo, mañá*
9	*livián*	*liviau, liviá*
10	*chan, man*	*chao, mau*
11	*uns, cans, ilusións*	*us, cas, ilusiós*
12	*grasia, naser*	*gracia, nacer*
13	*ós homes, ás mulleres, estim'a, pr'o compor*	*aos homes, aas mulleres, estímaa, pra o compor*

Figura 2. Fenómenos dialectais sinalados por Saco Arce (1868)

5 A ortografía que figura no traballo de Saco Arce para todas estas formas e tamén a dos fenómenos que consideran outros estudiosos galegos posteriores foi adaptada ás convencións ortográficas presentemente en vigor.

Os 13 fenómenos aparecen agrupados por Saco en catro grupos, a saber: (i) trazos vocálicos, en que a variedade setentrional tendería máis ao uso das vogais abertas, en canto o sureño optaría polas vogais fechadas (casos de 1, 2, 3, 4, 5 e 6); (ii) trazos consonánticos relacionados coas nasais, nos cales o galego norteño mostra certo "gusto por la *n*", evitada polo galego sureño (fenomenoloxías de 8, 9, 10 e 11); (iii) trazos consonánticos vinculados ao que se chama hoxe *seseo*, isto é, á ausencia do fonema interdental xordo /θ/ ou á súa presenza (caso 12); e (iv) trazos relacionados coa fonética sintáctica (fenómeno 13). Obsérvese que do confronto destes trece supostos saltan á vista varias evidencias: en primeiro lugar, é notábel unha certa descompensación, pois o primeiro e o segundo grupo aglutinan a maior parte dos trazos lingüísticos, ao paso que o terceiro e o cuarto apenas contan cunha única tipoloxía de fenómenos.

E, en segundo lugar, paga a pena salientarmos que o que Saco Arce parece estar a confrontar non son dúas modalidades de galego harmónicas meridianamente, mais o galego da faixa occidental e a lingua da rexión lucu-auriense, isto é, unha variedade nucleada en Santiago de Compostela e unha outra circundante sobre a cidade das Burgas. De feito, conforme se recolle en estudos especializados, estamos diante de fenomenoloxías lingüísticas en xeral verificábeis presentemente: os trazos numerados como 1, 2, 4, 5, 7, 6, 9, 10, 11 e 12, por exemplo, marcan contrastes entre as falas occidentais e unha boa parte das centrais. Outros casos, como os fenómenos recollidos en 3, 6, 8 e 13, resultan algo máis problemáticos de corroborar: a alternancia entre *receber* e *recibir*, que se proxecta mesmo no século XX, corresponde non exactamente a unha diferenza dialectal, mais a unha neutralización na VT operante nalgúns casos cara á segunda conxugación, seguindo así a tradición galego-portuguesa, e noutros cara á terceira; no referente á documentación de *froito* e *loito* face a *fruto* e *luto*, trátase de formas documentábeis tamén na actualidade, en que a segunda parella parece firme candidata a provir dun españolismo; no tocante a *bon* e *mañán* e *bo* e *mañá*, só resulta asumíbel a documentación do segundo elemento de cada par, pois nas zonas en que se detecta *mañán* (e *irmán*, *livián* etc.) non se atesta o resultado *bon*, en canto que nas áreas en que a solución é *mañá* (e *irmao* etc.) o correspondente adxectivo rexistrado é *bon*; e, finalmente, os exemplos de 13 aparecen en xeral de maneira regular por todo o dominio lingüístico galego, de forma que neste caso o máis probábel é que se trate do máis evidente caso de preitesía de Saco a respecto da lingua escrita da altura.

Como queira que sexa, dado o prestixio da súa gramática, a visión que achega o clérigo ourensán foi asumida por parte dalgúns intelectuais e eruditos na altura, embora ás veces con certa sorte de matizacións. É o caso do polígrafo Pérez Ballesteros, que, nos rodapés do seu *Cancionero popular gallego*, dado a lume entre 1885 e 1886, acata con total naturalidade a proposta de Saco: de acordo con este estudioso do folclore galego, unha das diferenzas que contribúen para afastar os "sub-dialectos gallegos es la *n* en lugar de la *u*. El sub-dialecto septentrional dice

hirmán, *man*, *chan*, y los plurales en *uns*, *cans*; mientras que el meridional prefiere decir *hirmau*, *mau*, *chau* ó *chao*, *us*, *cas* (CPG I, 38, n. 1). Igualmente, no traballo de Joseph Cornu, estudioso que leu con atención o que expuxo o presbítero[6], lense claras referencias á división dialectal do clérigo de Toén: na tradución do seu orixinal alemán, realizada por Martínez Morás, sinálase que "*Irmá irmás*, *irmau irmaus*, *mau maus*, *bó bós*, *us*, *algus*, *pás*, *afás*, *bés*, *sartés*, *barós*, *comus* son del gallego del Sur (Orense)" (Cornu 1906a: 9); "En el Sur de Galicia suena la tercera persona *il (el) ela (ila)*, *elo*, *dil dela*, *a il a ela*, *co il* o *cu il co ela*, *nil nela*; en el Norte, *el ela elo*, *del*, *co el*, *nel*" (Cornu 1906b: 28); etc. Vasconcellos (1987: 164), por seu turno, parece ter bebido nas fontes proporcionadas por Saco Arce, cando menos no referente a certas consideracións morfolóxicas: así, nos inicios do século pasado, afirmaba que o "galicien ne se parle pas d'une manière uniforme dans toute son aire géographique: au Nord, on dit *el*, *este*, *uns*; au Sud, on dit *il*, *iste*, *us*". Eis, finalmente, máis un exemplo de preitesía filolóxica con Saco Arce: Santiago Gómez (1918: 267-272), que defende unha sorprendente división entre un galego berciano, un bracarense e un outro lucense, segue de perto as impresións do presbítero, tanto no tocante á existencia de falares norteños e sureños canto na exemplificación procurada (*aquí*, *aí*, *alí* e *así* / *eiquí*, *ehí*, *elí* e *esí*; *perdeches* / *perdiches*; *el*, *eles* / *il*, *iles*; etc.). Voltaremos máis adiante sobre este autor.

Outros responsábeis de traballos gramaticais ao longo do século XIX repararon na existencia de certas diferenzas rexionais no galego, aínda que non chegaron a proporcionar ningunha clasificación como fixo Saco Arce. Limítanse, no xeral, a recolleren diversas solucións xeográficas que puideron atestar na altura, as máis delas mesmo vigorantes na actualidade. Así, Cuveiro Piñol (1868: 8), a desenvolver como reciben o morfema de plural os nomes galegos, pondera que hai moitos casos en que non se acrecenta unicamente *-s* como en *home*, *homes*, mais que, dependendo das "respectivas comarcas", existen varias solucións: "*manos*, mas, mans, maos y maus [...]; *razones*, razons, razós; *manzanas*, mazás, manzás y mazáns; *ciudadanos*, ciudadaos, ciudadás y ciudadáns; *perdones*, perdós, perdons, perdoes, etc.". De calquera xeito, non hesita en que todas estas atestacións responden a resultados galegos que non desafinan na harmonía xeral da lingua.

Canto a Valladares, o estradense facilita igualmente algúns datos que din respecto á diferenciación xeográfica da lingua, aínda que en poucas ocasións os localiza xeograficamente: a tratar o xénero dos nomes, afirma que as voces terminadas en

6 Afirma este investigador que como "apéndice a la teoría de las formas portuguesas, añado aquí la de las gallegas actuales, de modo que, a pesar de su brevedad, contenga todo lo esencial. En su elaboración he tenido en cuenta la excelente *Gramática Gallega* de Juan Antonio Saco Arce, publicada en Lugo en 1868. Algunos preciosos datos supletorios me los proporcionó la lectura de considerable número de modernos textos gallegos, publicados en su mayor parte, en la *Biblioteca Gallega*" (Cornu 1906a: 7).

-az, *-ez*, *-iz*, *-oz* e *-uz* son "usuales en las provincias de Orense y Lugo", mais que nas da Coruña e de Pontevedra se detecta *-as*, *-es*, *-is*, *-os* e *-us* (Valladares 1970: 39); non descartamos, no entanto, que na penumbra dialectal da época non brillase o mínimo embora impreciso facho de Saco Arce tamén no caso de Valladares, pois este ten claro que no galego ourensán se emprega "*il*, *iles* en lugar de *eles*", mais non *ila*, *ilas*, *ilo*, xa que, segundo el, o que se podía rexistrar era "*èla*, *èlas*, *èlo*" (Valladares 1970: 42, n. a rodapé).

Durante os anos finais do século XIX e os primeiros anos do seguinte comeza unha nova etapa na Europa que Abad (1983: 288) denomina "gillieronana", ao paso que na Galiza, contrastivamente, aínda os traballos que desenvolven cuestións dialectais son responsabilidade directa de autores carentes, no xeral, de (in)formación dialectal pormenorizada. Con efecto, Jules Gilliéron (1854-1926), consciente de que había que mellorar os métodos de George Wenker, comeza en 1896 as súas investigacións, para o cal idea un cuestionario que constaba de 1.500 unidades de análise. Escolleu, outrosí, un colaborador, Edmond Edmont, dotado, segundo se di, dun fino ouvido[7] e treinado para transcribir foneticamente. E. Edmont percorreu o Estado francés durante catro anos (1896-1900) coa axuda dunha bicicleta e seleccionou un total de 700 informantes. A publicación dos resultados, que comezou en 1902 e concluíu en 1910 (volume decimoterceiro), tivo unha grande influencia nos estudos dialectais posteriores, de forma que constituíu a fonte de que tiña de beber a maior parte de persoas que quixese adentrarse no estudo das variantes dialectais: dous dos discípulos de Jules Gilliéron, Karl Jaber e Jakob Jud, principiaron a dirixir os seus propios proxectos para as variedades dialectais italianas e do sur da Suíza. En resumo, nas palabras de Neto (1977: 149), o "alcance e a repercussão desse monumento da Filologia Românica provavelmente excederam as esperanças do próprio Gilliéron. Foi un mundo novo que se abriu diante dos olhos extasiados dos filólogos".

Polo contrario, a situación dos estudos da dialectoloxía galega no albar desa centuria pouco mellora relativamente ás aproximacións do anterior século. Aparecen algúns comentarios, mais marcados, de novo, por unha falta de concreción dialectal, como é o caso do traballo de Rodríguez (1901: 33-34). Este autor, a tratar certos pormenores da lingua atestada na *Crónica Troiana* que edita Martínez Salazar, ten en conta os descendentes de -ANA, -ANUS, -ANIS e -ONIS en galego, portugués e español. E, aínda que non localiza xeograficamente os resultados, sinala, no segundo caso, as solucións "*man* ó *mao*", *chan*, "*hirmán* ó *hirmau*", "*vran* ó *vrau*" e *marrao* cos seus correspondentes plurais "*mans* ó *maos*", *chans*, "*hirmáns* ó *hirmaus*", "*vrans* ó *vraus*" e *marraos*; no referente á derradeira das evolucións xa se mostra

7 Véxase Neto (1977: 148), que sinala de Edmond Edmont que "a pesar de não ser filólogo, tinha apurado ouvido e gosto pelas pesquisas dialetais, como o provara com a publicação de um vocabulário do seu falar natal".

menos receptivo ao fenómeno do variacionismo, pois nas formas do plural só vai considerar *leons*, *curazons* e *calzons*, isto é, aquelas da faixa occidental; e tamén no caso dos pronomes inclúe as formas lucu-aurienses *il*, *iste*, *ise* etc. ao carón de *el*, *este*, *ese* etc., mais, como nos exemplos anteriores, non adiciona ningún dato no referente á súa distribución xeográfica. En síntese, o contributo de Rodríguez, centrado principalmente nunha visión diacrónica da lingua, non avanza a termos en conta as propostas anteriores. Na súa defesa convén sinalarmos, no entanto, que as finalidades dese traballo no eran dialectolóxicas, mais históricas, aínda que o seguinte autor que imos comentar máis abaixo, tamén se centrando no percurso diacrónico, proporciona xa máis interesantes datos.

Algún tempo despois, no ano 1907, comezan a se levar á práctica os proxectos de Menéndez Pidal no Centro de Estudios Históricos de Madrid para a realización dun Atlas Lingüístico da Península Ibérica (ALPI), cuxo labor foi encomendado inicialmente a Navarro Tomás. Con todo, como sinala Perrot (1970: 29), os inquéritos só principiarían na década de 30, para o cal o territorio do Estado foi dividido nos dominios lingüísticos galego, castelán e catalán. O cataclismo do ano 1936 e as súas ulteriores consecuencias interromperon as investigacións, que non serían novamente retomadas até finais da década de 40 e primordios da seguinte, en que Zamora Vicente (1986) publicaría uns interesantes contributos con base nos inquéritos inicialmente deseñados para o ALPI.

No ámbito galego, merecen salientarse por esa época os *Elementos de gramática histórica gallega*, de Vicente García de Diego, dados a lume por vez primeira en 1909. A fiabilidade dos apuntamentos que achega non é constante: por un lado, as informacións proporcionadas sobre as falas pontevedresas costuman ser acertadas, mais non é o caso do resto do territorio, en que a veracidade do exposto devala pola carencia de datos. Do punto de vista deste autor interesa ponderarmos, con todo, que é consciente da fundamental unidade do galego, pois, a seu ver, as diferenzas que ofrece o galego nas súas diversas rexións "no son tan profundas para poder constituír grupos dialectales" (García de Diego 1984: 155). Por outro lado, tivo tamén a feliz intuición de constatar o feito de que a toponimia reflicte, moito frecuentemente, certa sorte de variacionismo xeográfico, pois, a falar da distribución dos resultados provenientes de -ANU (> *-án*, *-ao*), notou que, como topónimos, *chan* e *chao* se achan repartidos de parecido xeito ao do substantivo común.

En conxunto, quitando estas dúas interesantes apreciacións, as impresións de García de Diego son merecentes de se salientaren, xa que, en primeiro lugar, a maior (in) formación filolóxica que posúe a respecto dos autores do século XIX lévao a considerar uns trazos dialectais máis notábeis, tanto do punto de vista cuantitativo como cualitativo, que mesmo os de Saco Arce; eis o cadro en que se recollen os fenómenos considerados por García de Diego:

1	Resultados de -ANU
2	Plurais das palabras acabadas en *-n*
3	Resultados de NIDU
4	Descendentes de HIRUNDINE
5	Resultados de FAVILLA
6	Adverbios de lugar absolutos *acá*, *alá* / *acó*, *aló*
7	Distribución de *ti* / *tu*
8	Distribución dos demostrativos *este*, *ese*, *aquel* / *iste*, *ise*, *aquil*
9	Distribución do MNP *-u* / *-o*
10	Distribución do MNP de P1 *-n* en *atopín*
11	Distribución de MNP *-ron* / *-no*
12	Distribución de *faguer* / *figuen* e *facer* / *fixen* (tamén *tanguer*)
13	Ausencia ou presenza de /θ/
14	Limites orientais do ditongo [ej]
15	Limites orientais do ditongo [ow]
16	Limites orientais do ditongo [oj]
17	Resultados de -CT- e -LT- > *it* (*feito*, *muito*)
18	Resultados de [lj] ou [kl] > [ʎ]
19	Limites de -INO > *-iño* e *-ín*
20	Limites orientais do MNP -ISTI (*-ache*, *-eche*, *-iche*)
21	Limites do MNP de P1 *-n* en *rompín*, *tiven*, *houben*

Figura 3. Cadro cos fenómenos dialectais tidos en conta por García de Diego (1909)

Porén, os sobreditos trazos manifestan unha certa incoherencia canto á súa escolla: se, por un lado, os descendentes de -ANU ou os plurais de palabras terminadas en *-n* teñen unha transcendencia notoria, outros, en confronto, cal os descendentes de HIRUNDINE ou os de FAVILLA, posúen unha relevancia máis cuestionábel, pois trátase de palabras isoladas e non dun fenómeno fonético ou morfolóxico (relativamente) constante. Por outro lado, a información que nos proporciona a propósito de tales fenómenos nin sempre resulta cuantitativamente equivalente: o trazo 1 (resultados de -ANO, *chan*, *chao*) conta cun número de correspondencias xeográficas relevantes, mais non así o fenómeno 7, de que se limita a comentar que ten máis uso "*tu* en Lugo, en gran parte de Orense, como en la parte oriental y en Rivadávia; de Pontevedra en Cotobad y algún otro lugar", para concluír a afirmar que "domina *ti* en Coruña y resto de Pontevedra y Orense" (García de Diego 1984: 156).

En segundo lugar, a formación positivista deste autor español permítelle combinar a lingüística histórica coa dialectoloxía. E, finalmente, como terceiro dato que debe ser subliñado, e con todas as subsecuentes imprecisións debidas ao estado da

investigación da lingua galega na altura, tivo o acerto de se aproximar, cun relativo suceso, dos limites do galego coas falas asturo-leonesas, o que supón a primeira tentativa de marcar limites entre a nosa lingua e os falares asturianos; nótese que tamén Fernández Rei (1991: 19-23), a tratar a fronteira entre o galego e o leonés occidental, mesmo estando a súa proposta asentada en máis fenómenos lingüísticos, ten en consideración algúns dos trazos que singularizou García de Diego, como os ditongos [ej] e [ow].

A mudarmos de autor, se a visión que nos proporciona García de Diego, mesmo estando alicerzada na comparación de diversos resultados lingüísticos, resulta ás veces discutíbel por imprecisa, as opinións de Leopoldo Pedreira (1912: 65, n. 1) supoñen un retroceso con relación aos traballos anteriores e manifestan unha absoluta falta de rigor e de confrontación de datos que se detectan nelas. Após facer certas aseveracións de carácter sociolingüístico de cuestionábel subscrición[8], afirma que o galego da provincia da Coruña é variado e que presenta catro subdialectos, que el acompaña de xuízos valorativos totalmente extralingüísticos: así, segundo el, o *mariñao* é "dulce y sencillo", fálase nas rías coruñesas e documéntase literariamente no cancioneiro compilado por Pérez Ballesteros; o *bergantiñán*[9], polo contrario, resulta "duro y áspero", emprégase na Costa da Morte e aparece nos versos de Eduardo Pondal; o *montañés*, por seu turno, fálase a seu ver nos confíns da actual provincia de Lugo e pode estudarse nas poesías de Antonio Noriega Varela; e, finalmente, o *subdialecto del Ulla* merécelle os cualificativos de "tierno, musical, cariñosísimo" e matiza que nesa variedade escribiron na Idade Media Ruiz de Padrón e Macías e, na época contemporánea, Rosalía de Castro, responsábel das "mejores poesías líricas gallegas".

Despois desa clasificación das falas coruñesas, Pedreira (1912: 79, n. 1) ocuparíase, con similar metodoloxía, das variedades lingüísticas do resto do país, nas cales sobrancea, máis unha vez, unha adxectivación singular. Relativamente ao galego lucense, afirma que é "muy pintoresco" e que pode lerse nos versos de Xesús Rodríguez López e Antonio Noriega Varela; canto ao ourensán, conforme as súas impresións, responde ao "más rico, el más viril y el más próximo á la lengua portuguesa[10]", de forma que "es el único que produjo poesía épica, sátira elevada y

8 Repárese, a modo de exemplo, no seguinte excerto: "En el Ferrol y en La Coruña se habla el castellano más correctamente que en varias capitales de la provincia de Castilla; sirvan de testimonio de este aserto las obras de la ferrolana Concepción Arenal, y las del insigne coruñés D. Manuel Linares Rivas. Sin embargo, el lenguaje popular y aun los escritos de la prensa, están en las grandes urbes llenos de americanismos y contaminados de frases regionales" (Pedreira 1912: 65, n. 1).

9 A respecto do galego de Bergantiños poden verse tamén as apresadas notas que lle dedica Parga Pondal (2010: 320-321) en finais da década de 40 do pasado século.

10 É posíbel que as opinións de Pedreira sobre as variedades ourensás recollan algunhas das ideas dos eruditos decimonónicos. Andrés Martínez Salazar publicaba en 1888 en *Galicia. Revista Regional*

seria, excelentes artículos de periódico y deliciosos cuentos en prosa"; no tocante ás variedades das "rías de Pontevedra", trátase dun "gallego parecido al de las Mariñas" e, no tocante ás falas de Vigo, "lo mismo que en los alrededores de la Coruña", é habitual "una graciosísima jerga que se llama *cadiceño*, mezcla de americanismos, de dialecto regional y de palabras castellanas", que se pode ler ocasionalmente nos versos "de Manuel Martínez González".

Obviamente, calquera procura dun mínimo de seriedade nas apreciacións de Pedreira tórnase va, agás algunhas desas ideas sobre en que autores se detectan esas variedades. Nas referencias a Pérez Ballesteros existe unha relativa coincidencia, embora non exacta, mais non tanto así nos comentarios á volta de Pondal, Noriega Varela etc.: aínda que o bardo da Ponteceso basease a súa linguaxe artística na fala de Bergantiños, a súa expresión literaria soborda con moito esa procedencia rexional coa introdución de cultismos e de voces tiradas doutras linguas; e Antonio Noriega Varela, por súa vez, é considerado modelo tanto para a variedade lucense canto para a "montañesa" da Coruña. O recuamento que antes se referiu é evidente: dos datos lingüísticos manexados por García de Diego pásase a intuicións e a correspondencias xeográficas entre unha máis que cuestionábel división provincial das variedades dialectais galegas e unha adscrición imprecisa de escritores e de escritoras naturais desas comarcas. E quizais non valla argüírmos na súa defesa que a obra non é un traballo lingüístico ou dialectal, mais unha xeografía descritiva do Estado español, pois, na procura de informacións veraces, non debería importar a natureza xeral da obra.

Do mesmo ano de 1912 data outra aproximación á realidade dialectal da lingua recollida nun manual anónimo para turistas destinado a aquelas persoas que visitaban o sur do país. Na liña do traballo de Pedreira, as apreciacións sobre variedades rexionais foxen á verdade con sorprendente evidencia, aínda que trata, como viñá sendo habitual, temas presentes noutras obras, como a distribución *chan* / *chao* ou o *seseo*, sen deixar de sinalar, embora dun xeito non tan explícito, os presumíbeis casos de hipercaracterización en certos pronomes (posibelmente *el* / *il*, *este* / *iste*, *esto* / *isto* etc.). Eis unha mostra:

> La vecindad y las relaciones continuas con el reino lusitano ejercen hoy una positiva acción en el dialecto, ó si se quiere, y para que no haya disputas, en el idioma. Las disinencias [sic] nasales aprecen casi siempre sustituidas por

un artigo intitulado "En tela de juicio", de onde provén o seguinte fragmento, que presenta algunhas concomitancias coas impresións de Leopoldo Pedreira: "En reciente excursión que hice á Galicia, observé que existen en aquel país varios subdialectos del gallego y que en el de la provincia de Orense, merced, sin duda, á su situación topográfica, se advierte mayor influencia del castellano y del portugués que en el resto de la región" (Martínez Salazar 1981: 46).

> la contracción portuguesa *ao*, aunque se pronuncia de un modo más abierto. *Chao* y *chau* se dice en Pontevedra (y en Orense); *chau*, en las tierras de Noya y Bergantiños, donde el habla gallega subsiste relativamente pura. Por motivo semejante, la vocal *i* suele reemplazar á la *e* en las raíces y en los pronombres. En cambio, se usa con regularidad la conjugación de los verbos en *or*, cosa no frecuente en las otras provincias. En el litoral predominan ciertas degeneraciones pecualiares al lenguaje franco de todos los puertos. Se extrema el sonido de la *s*, y en él se confunden los de la *c* y la *z*, originando un prolongado silbido. Esto, que es gracioso enlas mujeres, causa desagradable estrañeza en labios de los hombres (GT 44-45).

Por outro lado, extravagancias lingüísticas e históricas, mananciais bibliográficos conscientemente enxoitos e areoenta aleatoriedade son os trazos que serven para caracterizaren a proposta de clasificación dialectal e a percepción do fenómeno do variacionismo xeográfico na Galiza por parte de Santiago Gómez (1918: 267-272). Aínda que recoñece a unidade da lingua como primeira idea merecente de ser ponderada, o que talvez se erixa no seu máis lúcido comentario, o certo é que as opinións do autor sobre as variedades do galego continúan a liña de Pedreira por seren faltas da necesaria rigorosidade. Resultan extravagantes lingüística e historicamente porque parte da existencia de tres modalidades principais, asentadas quizais na división conventual romana: os conventos asturicense, lucense, e bracarense, por exemplo, parecen ter unha relativa correspondencia coas modalidades que el denomina a "berciana, la lucense y la bracarense", respectivamente. E como se poderá deducir ao se falar das implicacións culturais das isoglosas, non estamos negando que a enformación social e histórica doutras épocas con diversas administracións territoriais non tivese a súa relevancia na constatación de fenómenos dialectais na actualidade, mais a equivalencia neste caso vira falaz.

Outrosí, varias son as fontes de que bebe sen as declarar explicitamente e mesmo algunhas delas acaban estando realmente moito aproveitadas. De Sarmiento extrae o seguinte comentario, cuxo orixinal xa foi exposto anteriormente:

> Entre la gran variedad de subdialectos gallegos, se produce que muchas voces y frases gallegas que se usan en la comarca del cabo de Ortegal, no se entienden en el Cabo Finisterre, y vice-versa. Lo mismo sucede con las voces que se usan en tierra de Limia, Valdeorras, montañas de Lugo, las Mariñas, Túy, Orense, Santiago, etc. (Santiago Gómez 1918: 268-269).

De Cuveiro Piñol, por seu turno, tomou este excerto:

> mientras en unas comarcas un vocablo expresa un concepto, y los objetos tienen un nombre general, en otras ni siquiera existe idea de él, y aun en algunas les dan un significado diametralmente opuesto. Ejemplo: el verbo *reloucar*, que significa alegrarse, enloquecer de alegría, en Pontevedra y parte

> de su provincia es rabiar y desesperarse, y así otras muchas voces" (Santiago Gómez 1918: 271-272)[11].

E de Saco Arce, segundo o dito máis arriba, adopta unha división entre un "subdialecto septentrional" e un outro "meridional", co cal aparece aquí unha evidente incoherencia coa súa particular clasificación nas modalidades berciana, lucense etc.; moitos dos exemplos que cita están tirados ou inspirados directamente nos do clérigo de Toén: *aquí*, *aí*, *alí*, *así* / *eiquí*, *ehí*, *elí*, *esí*; *perdeches* / *perdiches*; *acó*, *aló* / *acá*, *alá*; *bon*, *mañán*, *irmán* / *bo*, *mañá*, *irmá*, *irmao*; *uns*, *cans*, *ilusións* / *us*, *cas*, *ilusiós*; *grasia*, *naser* / *gracia*, *nacer*; etc.

Finalmente, a proposta de Santiago Gómez resulta tamén asaz aleatoria, pois non só combina a visión de Saco Arce coa súa propia, a tripartida, mais tamén acrecenta algúns comentarios que pouco ou nada coadxuvan na concreción xeográfica: tras sinalar que nunha mesma rexión "varían los vocablos que tienen un mismo significado", ilustra esta impresión coas voces *hostea* e *compaña*, "*barrufa* o *brétoma*" etc. (Santiago Gómez 1918: 270), sen indicar a que zona do país se está a referir. E, após aquela dupla perspectiva, a propia e a do presbítero, vai adicionando certa sorte de datos soltos, moito particulares, como os referidos a Santa Marta de Ortigueira e Viveiro, en que declara que ouviu voces descoñecidas no resto da nación, como *aleimar*, *atricar*, *barrela* ou *dreñar*, ou como os que se centran nas aldeas inmediatas a Verín, en que, a seu ver, se emprega "el vocablo *murar* para calificar a los gatos que son buenos cazadores de ratones: dicen, *mura* ben" (Santiago Goméz 1918: 269, 270).

Con todo, a pesar de que a imprecisión vira unha das súas principais características e de que a inspiración noutros autores se erixe nun outro seu trazo, entre as súas impresións hai algúns acertos: por un lado, parece salientábel o feito de ser consciente de que as diferenzas entre unhas e outras variedades conducen "a aumentar la riqueza y variedad del lenguaje" (Santiago Gómez 1918: 271). E, por outro lado, facéndose partícipe de opinións pasadas, o autor sabe que nas rexións e nas localidades máis afastadas dos grandes centros de población é onde menos contaminada e máis pura se conserva a lingua, ao paso que na costa e nas cidades importantes é onde o galego tende máis facilmente á hibridación.

---

11 Cfr. as impresións de Cuveiro Piñol (1876: [I]) cando se refería a un dos problemas que tivo para a realización do seu dicionario: "Pero a la imposibilidad de reunirlos todos [os vocábulos] á pesar de haber recorrido el territorio gallego, escepto algunas localidades, aunque muy pocas, se añade una gran dificultad, que consiste en las diversas maneras de espresar un mismo concepto que se notan en las diferentes comarcas, pues mientras en unas tienen los objetos un nombre general, en otras ni siquiera existe idea de él, y aun en algunas les dan un significado diametralmente opuesto, como sucede por ejemplo con el vocablo *reloucar*, que es alegrarse, pero en Pontevedra y parte de su provincia, es rabiar ó disgustarse".

Polo contrario, xa non se poden procurar apreciacións de natureza dialectal no traballo de R. A. (1919: 8-10), siglas do pseudónimo Ramón Alvariño empregado por Leandro Carré Alvarellos. O seu breve *Compendio* limítase a recoller algunha que outra información vaga sobre diversas fenomenoloxías locais, aínda que sen comentario ningún que posibilite calquera adscrición rexional: ten consciencia dos nomes "romatados en *an*, *au*, *ao*" como "*irmán* (ou *irmau*, *irmao*)", mais non adiciona unha soa referencia xeográfica capaz de os localizar. Polo contrario, na formación das palabras terminadas en *-n*, só se decanta, posibelmente pola súa procedencia xeográfica, polos resultados centrais, como "calzón-calzós" ou "brañón-brañós".

É esta, pois, unha época en que as pesquisas en materia dialectolóxica no país continúan a estar aínda nun estado practicamente embrionario, contrariamente ao que acontecía noutras partes do Estado español. É o caso da Catalunya, en que desde o ano 1913 Antoni Griera, xunto a M. de Montoliu e P. Barnils, funda o *Bulleti de Dialectologia Catalana*, publicación centrada inicialmente no estabelecemento de fronteiras dialectais entre diferentes variedades. Débese a Griera, entre outros méritos, o feito de ser o principal impulsionador do ALC, que nace como unha "extensió de l'*Atlas Linguistique de la France*" (Griera 1964: 5), e a introdución do método "Wörten und Sachen", 'Palabras e cousas', que adopta o nome da revista fundada en 1909 por Rudolf Meringer e Wilhelm Meyer-Lübke. Foi esta unha metodoloxía que asentou na combinación da dialectoloxía e da etnografía e recoñécese en F. Krüger un dos seus pioneiros, especialmente polo seu traballo *Die Hochpyrenäen*, dado a lume nos anos 1936-1939. Tivo un amplo seguimento durante unha considerábel parte do século XX, como o demostra que no derradeiro cuartel desta centuria Alvar (1983: 157) afirmase que, na altura, xa ninguén dubidaba do acerto que supuña estudar xuntas palabras e cousas.

Mais, voltando á Galiza, a escaseza de referencias dialectolóxicas fiábeis caracteriza outras obras da época[12]. É o caso do curioso traballo de Gómez (1927) intitulado

12 No entanto, isto non quere dicir que se non reflectise sobre o idioma e sobre algunhas das súas variedades en medios como *A Nosa Terra*: Johán Vicente Viqueira, por exemplo, afirmaba na emblemática revista no ano 1918 que as variedades dialectais "se ageitaban para a poesía lírica", aínda que a "língoa literaria é precisa para outros fins da vida, taes como a ciencia" ou "o comercio" (EP 144); igualmente, após advogar pola aproximación ortográfica do galego á variedade lusitana en diversas ocasións, refería en 1919 que das posibilidades para a flexión de número das palabra acabadas en *-al* el prefería o resultado *-aes* e non en *-as*, xa que era a forma máis próxima do portugués e, ao seu xuízo, converteríase no resultado en que se vería reflectida "a pronuncia futura" (EP 178). Na nómina de escritores que dedicaron algún escrito á diversidade dialectal da altura merece tamén salientarse Rafael Dieste, que nas cabeceiras *Galicia* e *El Pueblo Gallego* deixaría constancia das súas opinións sobre a variedade territorial da lingua durante a década de 20 do pasado século; así, algunhas das impresións do rianxeiro a respecto dese variacionismo xeográfico poden resumirse nas seguintes epígrafes: (i) *a diversidade dialectal enriquece a lingua*: "Canto máis variedades de acentos, de maneiras de cantála fala, eisistan antre nós, máis amplexo será o circo de posibilidades de eispresión" (ATC 8); "As diferenzas conveñen e son riqueza cando xurden dun fondo común en que se lexitiman e avencellan (ATC 41); (ii) *é precisa unha variedade común*: "tódolos localismos hanse de someter ao imperio dunha morfoloxía coerente. Os localismos, cando non se axeitan a isa morfoloxía, son, cáseque sempre, hibridismos" (ATC 41); "Antre as forma distintas dunha mesma verba, débese impor a que máis garbosa poida saír desa proba das convivenzas múltiples" (ATC 134); (iii) *débese contar coas variedades populares da lingua debidadamente atendidas*: "pondo moito ouvido cando fala o pobo pra se apoderar do esencial, que é a sintaise, poida que un día apareza o xenio da língoa" (ATC 21); "É mester saber ben certas verbas que o pobo di tódolos días en tódolos lugares, calquera que sexa o seu xeito de vida. Sen pleo coñecimento delas o demais non terá cimentos e aboiará coa perguiza dunha melfa" (ATC 31); "Non hai millor mestre que o pobo en cousas da fala cando sabemos escoitalo e temos tino de abondo pra escolmálo bó e desbotálo refugallo. Chamamos refugallo a certas insinias de orde fuxideiro e localista que son, nunha língoa, coma os remendos, zurcidos e desfiaños dun traxe usado a cotío e mal coidado" (ATC 88). A respecto da obra e da figura de Dieste, véxase Freixeiro Mato (1995).

Grafía galega e publicado na Habana. Nel as referencias á diversidade dialectal son certamente escasas a termos en conta as pretensións do autor, que tencionaba redixir unha gramática "teórico-práitico-etimológica" conforme figura no subtítulo. No entanto, nun comentario a rodapé dá conta da existencia das tres posibilidades de formación do plural para as palabras acabadas en *-n*, a defender que todas son solucións xenuínas da lingua e localizando acertadamente o resultado en *-is* (*corazois*) na zona de Becerreá:

> Algúns esquirtores fallan â verdade ao dizir qu'istas terminaziós [as dos falares da faixa oriental] son portuguesismos. O partido judizial de Becerreá está moi lueñe da fronteira portuguesa; contodo eilí as devanditas terminazóns son as mais comúns, razón pel-a cal sostêmos qui as tres diferentes terminaziós qui teñen algunhas verbas, coma **nazóis**, **nazóns**, **nazós**, son porprias do noso idioma [en destaque no orixinal] (Gómez 1927: 40, n. 1).

Por esa época, en 1931 (cunha primeira edición en 1922), sae do prelo a *Gramática do idioma galego de Lugrís Freire*. Aínda que non chega a desaparecer, a coñecida débeda con Saco Arce esvaece nas apreciacións de Lugrís Freire sobre a interpretación do fenómeno dialectal, pois a información que proporciona sobre este particular o polígrafo das Mariñas contrasta coas impresións do presbítero: aparecen, en ocasións, algunhas nótulas de carácter dialectal ao longo do texto centradas máis ben en fenomenoloxías concretas, sen incidir na existencia de variedades ou falares dialectais. Mais, en todo o caso, a tal ansia prescritivista e a necesidade de escolma das variedades rexionais é o que explica o sentido fiscalizante de determinados comentarios, como o seguinte, centrado no artigo: "O artículo indeterminado decrínase o mesmo que o determinado cô auxilio das preposiciós, seguindo a mesma forma *para un*, *para unha* e non *pr'un*, *pr'unha*, que son dialectás" (Lugrís Freire 1931: 22). O mesmo grao de imprecisión e de similar proscrición é o que se detecta para a pronuncia da conxunción copulativa *e*, con vogal palatal semiaberta, como un iode ([j]) diante de vogal, aínda que non se identifique esta variante con ningunha área particular; tal fenómeno, aínda hoxe moito doadamente documentábel, é, máis

unha ocasión, entendido como unha pronuncia local, á marxe do que debía ser, segundo Lugrís, o galego común: "En certas partes de Galicia, dinantes de palabra que comence con vocal, adoitan pronunciar *i*, de maneira que din "Xan *i*-Antón". O uso da conxunción *i* é dialectal" (Lugrís Freire 1931: 79).

Non faltan casos, polo contrario, en que se nos informa unicamente de que existe máis dunha única posibilidade en certas casuísticas, sen que haxa unha vontade real de condenar algunha das diversas hipóteses. Tal é o que acontece coas recorrentes regras de formación do plural das palabras terminadas en *-n*, en que o autor refire os resultados da faixa occidental do país e os das rexións centrais: "Os nomes que finan en *n* fan o prural de duas maneiras: añadindo o *s* ou perdendo o *n* e pondo no seu lugar *s*. Exempros: *corazón*, *corazons*, ou *corazós*; *pelengrín*, *pelengrins* ou *pelegrís*; *desdén*, *desdens* ou *desdés*; *algún*, *alguns* ou *algús*" (Lugrís Freire 1931: 24). Tamén hai ocasións en que se acerta a facer corresponder diferentes fenómenos locais coas áreas en que son adoito detectábeis, mesmo aínda na actualidade, acudindo aos textos medievais. A veracidade que, para Lugrís Freire, proporcionan as obras escritas en galego antigo permite que tales casos, desta maneira, poidan ser considerados dialectalismos, pois non se achan neses textos. Lugrís Freire non hesita en identificar como propias do sur do país certas formas deícticas adverbiais, seguindo aquí, cando menos aparentemente, o maxisterio de Saco Arce: "As formas *eiquí*, *ehí*, *elí*, *atrais*, non se hachan nos documentos e traballos literarios antigos; son xeitos dialectás, principalmente no sur de Galicia" (Lugrís Freire 1931: 73).

Desde o traballo de Lugrís Freire até á obra de Couceiro Freijoimil (1935) poucos ou case inexistentes son os traballos dedicados á lingua galega ou ás súas variedades dialectais. Se se quixese, podería incluírse a respecto a obra de García Rey (1986), publicada postumamente pola primeira vez en 1934, que está centrada no Berzo e non de maneira exclusiva nas falas galegas desa rexión e que consiste fundamentalmente nun vocabulario acompañado dunhas nótulas fonéticas e morfosintácticas; aínda que contén información sobre trazos lingüisticamente galegos, tamén recolle datos referidos ás falas asturo-leonesas que se detectan na zona e mesmo chega a propor unha sorte de limite entre o galego e os falares leoneses:

> En contacto el Bierzo Alto con León, y con Galicia el Bierzo Bajo, hay que admitir que se repartieron en ambos el habla leonesa y el habla gallega [...]. ¿Cuál es la línea divisoria? Hay que buscarla en donde la fonética y morfología se acusen con diferentes modalidades, allí donde se observen fenómenos especiales y rasgos y voces que corresponden a un lao y a otro. Nuestras modestas observaciones la fijan en la misma línea del Sil; hasta ésta, son pocos los rasgos y voces que quedan del gallego-portugués, y pasada la línea (García Rey 1986: 21).

Mais a finalidade de García Rey non era o estudo do galego empregado no Berzo. Nesa época en que na Europa principian a ser publicados os volumes do *Sprach- und Sachatlas des Italiens und der Südchweiz* dos discípulos de Jules Gilliéron, Karl Jaberg e Jakob Jud, e en que na Catalunya comezan a saír do prelo os tomos do ALC, de A. Griera[13], na Galiza, en troca, mantense a inercia anterior no estudo do variacionismo dialectal, quere dicir, nada ou pouco se avanza, á excepción, como dixemos, dos traballos de García Rey (1986) ou Schneider (1938). O grao de coñecemento que por esa época se ten na Europa das variedades dialectais do galego (e até da propia lingua) é mínimo. É certo que, segundo indica Santamarina (1982: 164), entre os anos 1931-1936 e 1947-1954 se realizaron "inquéritos sistemáticos" no marco da elaboración do ALPI, mais este proxecto só chegou a ver a luz por vez primeira en 1962, cun total de 75 cartas de carácter fonético; o método xa comentado máis arriba "Wörter und Sachen", que domina a escena europea durante esa época, demorará aínda en ser aplicado en exclusividade aos estudos lingüísticos galegos[14].

Así pois, Couceiro Freijomil (1935: 15-16) encarrégase das variedades xeográficas do galego moito escuetamente, e comeza a afirmar que, a pesar de sermos unha "región tan varia en su configuración, clima, producciones, ocupaciones", e non tendo estado "sometido el idioma a una constante fijación literaria", as diferenzas dialectais que ofrece a lingua non son profundas até ao punto de constituíren verdadeiros subdialectos. Seguindo a liña de traballos anteriores, ten en conta varios fenómenos dialectais que localiza, en xeral con certo tino, ao longo e largo do país, para o que segue bastante de cerca as impresións de García de Diego (e mesmo de Saco Arce), como declara nos rodapés (Couceiro Freijomil 1935: 14, n. 7, e 16, n. 11). Os trazos diatópicos que contempla, con todo, resultan numericamente escasos se confrontados cos do autor burgalense, co cal se está perante un outro retroceso, aínda que non tan acusado como o protagonizado por Pedreira, R. A., Santiago Gómez ou Lugrís Freire; eis os fenómenos que singulariza o escritor de Pontedeume:

1	Resultados de -AU
2	Plurais das palabras acabadas en *-n*
3	Distribución dos demostrativos *este*, *ese*, *aquel* / *iste*, *ise*, *aquil*
4	Distribución do MNP *-u* / *-o*
5	Distribución de *faguer* / *facer* e *tanguer* / *tanxer*
6	Ausencia ou presenza de /θ/

Figura 4. Cadro cos fenómenos dialectais salientados por Couceiro Freijomil (1935)

13 Véxase Gimeno Menéndez (1990: 80) ao indicar que o período "cumbre de la geografía lingüística románica ha sido el comprendido entre 1920 y 1950".

14 Cfr. o título do traballo de Fernández González (1978): *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método "Palabras y Cosas"*.

Con independencia do (in)acertado resultado da localización xeográfica ("los plurales en *-ns* [*cans*, *calzóns*] úsanse en Pontevedra y, de la provincia de la Coruña, en Bergantiños, Arzúa y Santiago") ou da imprecisión na localización xeográfica de certas aseveracións ("el sonido *z*, que nunca ha sido propio del gallego, domina en algunas partes, mientras que en otras se han decidido por el sonido *s*"), os breves comentarios sobre dialectoloxía galega de Couceiro Freijomil inciden nalgúns aspectos que merecen certo relevo. Por un lado, seguindo o exposto en García de Diego, recoñece que dialectoloxía e toponimia constitúen ramas da filoloxía que ofrecen moitos puntos de estudo en común: os topónimos en *-án* ou en *-ao* / *-au* presentan, segundo o seu punto de vista, unha notábel coincidencia cos substantivos que se achan neses territorios (Couceiro Freijomil 1935: 15). E, en segundo lugar, tivo a oportunidade de incluír algún apuntamento, dentro das variedades dialectais, relativo á xiria dos canteiros de Cuntis, á dos cesteiros de Mondariz e á dos afiadores ourensáns de Nogueira de Ramuín (Couceiro Freijomil 1935: 16); tal proceder, así, parece lembrar os comentarios do Padre Sobreira no século XVIII a respecto deses linguaxares e as impresións de Cubí i Soler (1861: XIII-XIV) sobre tan singulares falas, mais tamén se antecipa, dalgunha maneira, á dialectoloxía social do século XX, pois considera, aínda que talvez sen maior transcendencia, "variedades dialectales" eses herméticos falares dos gremios tradicionais.

3. Conclusións

As primeiras reflexións sobre a variación lingüística de carácter local que xorden para o galego documéntanse en finais do século XVIII da man do Padre Sarmiento e do Padre Sobreira. A partir deste momento e até aos anos posteriores á Guerra Civil, comezan a aparecer diferentes opinións sobre as variedades territoriais de galego, as máis delas a faceren fincapé nun exaxerado grao de fragmentación dialectal: así, cancioneiros, gramáticas, obras literarias etc. conteñen ás veces informacións a respecto da diversidade lingüística galega, mais, normalmente, sen fundamentación epistemolóxica, guiadas só polas nin sempre acertadas intuicións dos respectivos autores e a teren en conta fenomenoloxías dunha maneira aletatoria: ao paso que houbo elementos de análise que se mantiveron cunha grande constancia (ausencia ou presenza de seseo, pronomes demostrativos, morfoloxía das marcas de plurais en certas palabras etc.), houbo, no entanto, outros que só foron considerados isoladamente por algún autor, o que parece verificar, en certa medida, esa falta de sistematización.

Obviamente, esta situación mudou notabelmente na segunda metade do século XX e en especial desde os seus anos finais, en que se dispón dun alto grao de información que nada envexa a existente para outras linguas. Mais tamén se deixa ver unha notábel demora no aparecemento e na rigorosidade dos traballos efectuados sobre variación

diatópica se comparados con outros países. Nestes medios, vira rechamante como os traballos de Wenker, Jules Gilliéron & Edmond Edmont ou Ascoli, poñamos por caso, contaban cuns equivalentes na Galiza que, con honrosas excepcións, non conseguían sobordar o simple comentario intuitivo dalgún erudito. Naturalmente, esa tal demora garda íntima relación co percurso histórico do país e co subsecuente estado da lingua, que coñecía en finais do século XIX a súa reemerxencia literaria mais non a súa recuperación noutros ámbitos da sociedade.

De todos os modos, carentes de método ou irregulares nas súas conclusións, exaxerados canto ás súas análises sobre a diversidade diatópica ou sen fundamentación epistemolóxica, todos eles, porén, posúen o seu valor particular no sentido de (i) iniciaren a reflexión sobre a variación lingüística detectábel nas falas galegas; (ii) ofreceren datos sobre a percepción social da lingua relativamente ao seu estado e á súa fragmentación; (iii) estimularen, por contestación ou por adhesión, o debate sobre a diversidade dialectal do galego; e (iv) serviren como punto de partida para ulteriores traballos dotados dunha maior seriedade científica.

Referencias bibliográficas

A., R. [=Alvariño, Ramón, pseudónimo de Leandro Carré Alvarellos] (1919): *Compendio de gramática galega* (A Cruña: Imprenta Nova).

Abad, F. (1983): "Variedades dialectales y literarias de la lengua", en Abad, F. & García Berrio, A. (coords.), *Introducción a la Lingüística*, 285-313 (Madrid: Alhambra).

ATC = Dieste, R. (1981): *Antre a terra e o ceo. Prosas de mocedade (1925-1927)* (Sada / A Coruña: Ediciós do Castro).

Carballo Calero, R. (1981): *Problemas da Língua Galega* (Lisboa: Sá da Costa).

Cornu, J. (1906a): "Morfología del gallego moderno. A) Sustantivos y adjetivos" [tradución realizada por F. Martínez Morás da parte correspondente ao Apéndice á Morfoloxía do Portugués que aparece na segunda edición da *Grammatik der Portugiesischen Sprache*], *Boletín de la Real Academia Gallega* 1, 7-9.

Cornu, J. (1906b): "Morfología del gallego moderno. C) Pronombres" [tradución realizada por F. Martínez Morás da parte correspondente do Apéndice á Morfoloxía do Portugués que aparece na segunda edición da *Grammatik der Portugiesischen Sprache*], *Boletín de la Real Academia Gallega* 2, 28-29.

Couceiro, J. L. (1976): *El habla de Feás*. Anejo 5 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. (Madrid: Akal).

Cubí i Soler, M. (1861): "Introducción", en Fernández Y Morales, A., *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, III-XXXV (León: Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñon).

Cuveiro Piñol, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía Editores).

Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario gallego* (Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y Cª).

EP = Viqueira, X. V. (1974): *Ensaios e poesías* (Vigo: Galaxia).

Fernández González, J. R. (1978): *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método "Palabras y Cosas"*. Anexo 10 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Fernández Neyra, J. (1984) [1810]: *Proezas de Galicia* (Pontevedra: Bibliófilos Galegos).

Fernández Rei, F. (1991) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Freixeiro Mato, X. R. & Sánchez Rei, X. M. & Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega decimonónica* (A Coruña: Universidade da Coruña).

Freixeiro Mato, X. R. (1995): *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra* (Santiago de Compostela: Laiovento).

García de Diego, V. (1984) [1909]: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Anexo 23 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Gimeno Menéndez, F. (1990): *Dialectología y sociolingüística españolas* (Alicante: Universitat de Alicante).

Gómez, F. G. (1927): *Grafía galega* (Habana: Rambla, Bouza y Cía).

Griera, A. (1964): *Atlas Lingüístic de Catalunya (Introducció explicativa)* (San Cugat del Vallès: Instituto Internacional de Cultura Románica).

GT = (1912): *Mondariz – Vigo – Santiago. Guía del turista* (Madrid: Sucesores de Rivadeneyra).

Iordan, I. (1982) [s.d.]: *Introdução à Lingüística Românica* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Lugrís Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).

Mariño Paz, R. (1996): "Aproximación ó mapa dialectal galego dos séculos XVIII e XIX", en Lorenzo, R. & Álvarez, R. (coords.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, 77-105 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Martínez Salazar, A. (1981): *Algunos temas gallegos*. Vol. II (A Coruña: Gráficas do Castro / Moret).

Neto, S. da Silva (1977) [1952]: *Manual de Filologia Portuguesa* (Rio de Janeiro: Presença).

Parga Pondal, S. (2010): *Comarca natural de Bergantiños* (Malpica de Bergantiños: Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños).

Pedreira, L. (1912) [na portada 1913]: *Descripción de España. Nociones elementales de Geografía Nacional* (A Coruña: Zincke Hermanos).

Pensado, J. L. (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (Vigo: Galaxia).

Perrot, J. (1970): *La lingüística* (Barcelona: Oikus Tau).

Pop, S. (1950): *La dialectologie. Aperçu historique et méthodes d'enquêtes linguistiques*. Vol. I. *Dialectologie romaine*. Vol. II. *Dialectologie non romaine* (Louvain: Chez l'Auteur / Imprimerie J. Duculot).

Rodríguez, M. R. (1901): "Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la Crónica Troyana", en Martínez Salazar, A. (ed.), *Crónica Troyana*. Códice gallego del s. XIV de la Biblioteca Nacional. Vol. 1, 3-85 (A Coruña).

Saco Arce, J.A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).

Sánchez Rei, X. M. (2006): *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros* (Ames: Laiovento).

Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laiovento).

Santamarina, A. (1982) "Dialectoloxía galega: historia e resultados", en Kremer, D. & Lorenzo, R. (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, 153-187 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Santiago Gómez, J. DE (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago de Compostela: El Eco Franciscano).

Schneider, H. K. (1938): "Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien)", *Volkstum und Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte* 11, 69-145, 193-281.

Schroeder, W. (1937): "Die Fischerbote von Finisterre", *Volkstum und Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte* 10, 157-211.

Schroeder, W. (1938): "Hausbau en NW-Spanien (Finisterre)", *Travaux du Premier Congrès International de Folklore (Pasi, 1937)*, 62-78 (Tours).

Vasconcellos, J. Leite de (1987) [1901]: *Esquise d'une Dialectologie Portugaise* (Lisboa: Instituto de Investigação Científica).

Viaplana, J. (2002): *Dialectologia* (València: Universitat de València).